

# ORZAMENTO 2019

## Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

### MEMORIA

#### 1. Introducción

O Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela establece, no seu artigo 67, entre as atribucións da Xunta de Goberno a de “redactar os orzamentos e render contas anuais” (apartado d, 2º).

O artigo 91 recolle que na segunda xunta xeral ordinaria (segunda do ano) se dará lectura e se aprobará, se procede, o orzamento formado pola Xunta de Goberno para o seguinte ano.

O proxecto de orzamento do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para o exercicio 2019, que se presenta e se somete á aprobación da Xunta Xeral Ordinaria, supón a valoración económica das actividades que esta institución ten previsto desenvolver durante o próximo exercicio de acordo coa execución dos seus fins de actuación.

Este orzamento, tanto na súa forma coma no seu contido, representa a vontade de seguir avanzando na modernización do Colexio de Avogados, nos seus mecanismos de xestión e, sobre todo, en adaptar a súa infraestrutura ás novas tecnoloxías. Así pois, cobra centralidade o gasto destinado á formación continua dos colexiados ou o investimento en recursos telemáticos.

O proxecto de orzamento para o exercicio 2019 foi confeccionado consonte as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade e as normas de información orzamentaria de entidades sen ánimo de lucro.

Este orzamento é continuísta, cunha pequena diminución con respecto ao do exercicio anterior como consecuencia da rebaixa acadada na contratación da nova póliza do seguro de responsabilidade civil e o axuste das partidas de gasto tendo en conta os gastos realizados en anualidades anteriores. O seu obxectivo básico é garantir as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua dos colexiados e das novas tecnoloxías.

Como novidade e con carácter excepcional, créase unha partida específica de gastos para sufragar as actividades ou actos relacionados coa organización do 175 aniversario do Colexio neste ano 2019, que se sufragará con patrocinios publicitarios.

#### 2. Estado de gastos

Os gastos ascenden a 887.722 €.

As variacións máis importantes en relación co orzamento do exercicio anterior son as seguintes:

- Créase a partida “gastos actividades 175 aniversario creación do Colexio” para sufragar as actividades que se leven a cabo en 2019 para conmemorar esta efeméride. Estará dotada cun importe de 20.000 euros que se sufragará mediante patrocinios publicitarios.

- Redúcese en 52.000 euros a partida correspondente á póliza do seguro de responsabilidade civil, debido á rebaixa considerable que se acadou coa renovación deste seguro.
- Continúa incrementándose a partida 6291, correspondente a formación, xornadas e cursos, co fin de continuar a liña marcada de ofrecer unha programación adecuada en formación continua para os colexiados.
- Incrementase a partida referida a congresos (6292), debido á celebración en maio de 2019 do Congreso Nacional da Avogacía en Valladolid.
- Redúcese a partida referida a pago letrados asesoramento (649) debido á non renovación do convenio coa USC (3.000 €).
- Incrementase a partida correspondente a telefonía e subministración eléctrica (628), debido á contratación de fibra nas instalacións do Colexio e a subida da tarifa de enerxía eléctrica.
- O resto das partidas non sofren modificacións importantes, axustándose en boa medida ao gasto realizado en exercicios anteriores.

### **3. Estado de ingresos**

Os ingresos ascenden a 887.722 €.

As variacións máis importantes en relación co exercicio anterior son as seguintes:

- As cotas colexiais periódicas non sofren ningunha modificación. Non se lle aplicará o incremento do IPC.
- En canto ás cotas de incorporación (altas), tanto para exercentes como para non exercentes, quedan fixadas en 300 euros, como no exercicio anterior.
- Incrementanse considerablemente as partidas de “ingresos por subvencións”, debido a que se aumentou a subvención recibida da Dirección Xeral de Xustiza por gastos de infraestruturas da quenda de oficio ao incrementarse as xustificacións das actuacións da quenda de oficio (a raíz do incremento de letrados, quendas e o ámbito territorial do Colexio).
- Suprímese a subvención da USC (3.000 €) referida ao gasto de pago a letrados do servizo de asesoramento a alumnado da universidade, ao non renovarse o convenio.
- Redúcese a partida correspondente aos ingresos por cotas do seguro de responsabilidade civil, debido á diminución da prima tras a última renovación deste seguro.
- Incrementase considerablemente a partida de patrocinios publicitarios debido á programación dos actos de conmemoración do 175 aniversario da creación do Colexio.
- En relación co resto das partidas de ingresos, non se producen variacións destacables.

### **Conclusións**

Elaborouse un orzamento de gastos e ingresos continuísta e adecuado á situación financeira desta institución, asegurando sempre o bo funcionamento da corporación e o mantemento de todos os seus servizos.


Por todo isto, e co obxecto de atender as diversas obrigas que son competencia do Colexio, a Xunta de Goberno propón á Xunta Xeral a aprobación deste orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2019.

## ORZAMENTO 2019

<b>GASTOS</b>		<b>887.722</b>
<b>I. SERVIZOS E ACTIVIDADES</b>		<b>317.635</b>
<b>1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA</b>		<b>70.000</b>
601.2 601.3 601.1 654	1.1.a. Actos corporativos organizados polo Colexio	42.000
651.1, 651.2 ,6292	1.1.b Actos corporativos non organizados polo Colexio	8.000
	1.1.c Actos 175 aniversario do Colexio	20.000
<b>1.2 OUTRAS ACTIVIDADES</b>		<b>180.185</b>
625.1,625.4	1.2.b Seguro responsabilidade civil	168.685
625.2	1.2.c Póliza seguro accidentes asistencia ao detido	5.000
625.5	1.2.d Póliza decesos	3.500
625	1.2.e Primas de seguros (local e seguro comunidade)	3.000
<b>1.3 OUTROS SERVIZOS</b>		<b>67.450</b>
6292	1.3.a Congresos e outras actividades (Congreso Nacional)	15.450
6291 ,6291.1 ,6291.2, 623	1.3.b Formación, xornadas e cursos, clases de inglés	49.000
65	1.3.c Bolsas Escola de Práctica Xurídica	3.000
<b>II. GASTOS XERAIS E DE ADMINISTRACIÓN</b>		<b>199.050</b>
<b>2.1 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES</b>		<b>62.000</b>
623 629.14	2.1.a. Xestoría, asesoría contable e gab.comunicación	12.000
649.1, 649.4, 623.5	2.1.b Letrados, mediación, IGVS	49.000
649 ,649.3	2.1.c Gastos desprazamentos queda de oficio	1.000
<b>2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL</b>		<b>28.900</b>
622.1, 622,2	2.2.a Reparacións e conservación (limpeza e outros)	18.000
622.3	2.2.b Sistemas de seguridade	600
6282	2.2.c Auga e outros	300
6281	2.2.d Electricidade	10.000
<b>2.3 GASTOS OFICINA</b>		<b>34.800</b>
602	2.3.a Material de oficina	10.000
6028007	2.3.b Mantemento informático (SIGA e Regtel)	16.800
629	2.3.c Gastos diversos	6.000
	2.3.d Material informático	2.000
<b>2.4 COMUNICACIÓNS</b>		<b>11.750</b>
629.6	2.4.a. Mensaxería	6.000
6283.1 ,628.3 ,6283.3	2.4.b Telefonía	4.700
629.2	2.4. c Correo	500
629.5	2.5.d Outros	550
<b>2.5 ARRENDAMENTOS</b>		<b>4.100</b>
621.7	2.5. a Renting	4.100
<b>2.6 BIBLIOTECA</b>		<b>48.000</b>
6028006	2.6.a. Adquisición libros (códigos e outros)	8.000

6293000	2.6. b Biblioteca online e bases de datos biblioteca	12.000
	2.6.c Bases de datos - web	28.000
	<b>2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS</b>	<b>9.500</b>
629.7	2.7.a Guía colexial	4.000
629.8	2.7.b Carné colexial	1.500
629.11	2.7.c Adquisición de togas	2.000
629,13	2.7.d Revista colexial	1.000
629,1	2.7.e Páxina web - mantemento	1.000
	<b>III. PERSOAL</b>	<b>290.000</b>
	<b>3.1. GASTOS DE PERSOAL</b>	<b>290.000</b>
64 ,641	3.1.a Soldos e salarios	220.000
642	3.1.b Seguridade Social	50.000
64.25	3.1.c Gastos de persoal EPX	20.000
	<b>IV. OUTROS GASTOS</b>	<b>3.600</b>
	<b>4.1.OUTROS GASTOS</b>	<b>3.600</b>
631	4.1.a. Contribucións e impostos	2.600
678	4.1.b Gastos extraordinarios	1.000
	<b>V. TRANSFERENCIAS CONSELLOS E CENSOS</b>	<b>77.437</b>
	<b>5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS</b>	<b>77.437</b>
620	5.1. Censo Consello Xeral Avogacía Española	55.447
620.1	5.2. Censo Consello Avogacía Galega	21.990
	<b>INGRESOS</b>	<b>887.722</b>
	<b>I.- INGRESOS PROPIOS</b>	<b>855.222</b>
	<b>1.1PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>	<b>150.785</b>
705.7	1.1.a. Ditames e informes	3.310
705.2	1.1.b Certificacións	0
705,3	1.1.c Cursos e xornadas	3.600
705.4,705.5,705.9, 754.0	1.1d Outros ingresos	5.400
721,6	1.1.e Cotas seguro resp. civil	138.175
705.6	1.1.f P.I. Catastral	300
	<b>1.2 COTAS COLEXIAIS</b>	<b>572.437</b>
721.2	1.2.a. Cotas de incorporación	10.000
721,1	1.2.b Cotas periódicas	485.000
721.4	1.2.c Cotas censos CXAE e CAG	77.437
	<b>1.3 INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>132.000</b>
74.1, 74.2	1.3.a Infraestrutura quenda de oficio e SOX	65.000
74.3	1.3.b. Subvencións Xunta de Galicia (galego e mediación)	57.000
741	1.3.c Outras subvencións (Concello - vía previa)	10.000
	<b>II.- INGRESOS FINANCEIROS</b>	<b>500</b>

	<b>2.1. XUROS CONTA CORRENTE</b>	500
	<b>III.-OUTROS INGRESOS</b>	<b>32.000</b>
	<b>3.1. VARIOS</b>	<b>18.500</b>
755	3.1.a San Raimundo	11.500
759,778 754,1	3.1.b Outros ingresos	4.000
	3.1.c Códigos (venta de códigos)	3.000
	<b>3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE</b>	<b>13.500</b>
723	3.2.a Publicidade guía colexial e web. Patrocinio 175 aniversario	13.500



**APROBADO POR XUNTA XERAL  
EN SESIÓN DO 18-XII-18**